

DOCTOR SLEEP

Mike Flanagan, 2019

1330

ESTREA EN NUMAX: 11.07.2024 | V.O.S.E. | +16 | 151 min

Despois dos sucesos d'O resplandor (1980), Danny Torrance (Ewan McGregor) é un adulto que vive atormentado cos feitos sucedidos décadas atrás no Hotel Overlook, cando era un neno de 5 anos. Agora loita por atopar algo de paz a pesar de seguir marcado polo trauma. Axiña coñecerá a Abra (Kyliegh Curran), unha valente nena dotada dun poderoso don extrasensorial. A moza reconecerá axiña que Dan comparte o seu poder e pediralle axuda para se enfrontar a despiadada Rose (Rebecca Ferguson) e os seus seguidores. Xunto con Abra, Dan deberá enfrontarse aos seus medos á vez que revive as pantasma do pasado, mentres emprenden unha batalla a vida ou morte contra Rose.

«Os bos afeccionados de 'The Shining' atoparán elementos para gozar de 'Doctor Sleep' durante moito tempo»

Tom Jorgensen, IGN



Unha notable secuela que brilla máis cando se afasta d'O resplandor

Por Mikel Zorrilla

O resplandor é algo máis que unha das películas de terror máis importantes de todos os tempos. Tamén é unha icona que perdura no imaxinario colectivo. A homenaxe que se lle realizaba en *Ready Player One* (Steven Spielberg, 2018) é boa proba diso, pero a súa influencia vai moito máis alá diso. Por iso cando Warner deu luz verde á adaptación de *Doctor Sleep*, a novela que continuaba a historia de Danny Torrance, as expectativas disparáronse.

Mike Flanagan, popular grazas á televisiva *A maldición de Hill House* (2018), enfrontábase a un difícil reto, xa que as comparacións coa película de Stanley Kubrick ían ser inevitables, e ademais tiña que lidar cunha novela de Stephen King que ignoraba todos os cambios realizados nun salto á gran pantalla que o escritor sempre odiou. O equilibrio era difícil, pero Flanagan conseguiu sacar adiante unha película notable que, iso si, brilla máis canto máis se afasta d'*O resplandor*.

Sería moi fácil para Flanagan optar por dar como bo todo o visto n'*O resplandor* e construír *Doctor Sleep* a partir de aí, pero os primeiros minutos da película céntranse en resituarse o espectador sobre o xa visto alí. Iso si, Flanagan é moi intelixente e vai alternando iso coa presentación dunha nova ameaza liderada por unha aterradora Rebecca Ferguson. Todo o relacionado co Nó Verdadeiro, misteriosa sociedade, resulta suxestivo e sinistro, conseguindo deixar con mal corpo o espectador pola forma que teñen de alongar as súas vidas por moito que a execución dos seus actos podería chegar a resultar ridícula a pouco que un non estea metido de cheo no que sucede en pantalla.

Unha vez establecido o que hai en xogo, Flanagan leva a acción á actualidade, sendo entón cando *Doctor Sleep* pon todas as cartas enriba da mesa, pero faino cun ritmo pausado para ir acrecentando a sensación de perigo. Do mesmo xeito que n'*O resplandor*, a banda sonora xoga un papel esencial neste apartado, especialmente no tramo final co uso recorrente dun son que se asemella ao latexo dun corazón.

É neste segundo acto cando *Doctor Sleep* ofrece o mellor de si mesmo. A historia desenvólvese de forma lóxica e progresiva, os personaxes teñen tempo para respirar e iso leva a que o elenco teña a ocasión de fundirse con eles. Por exemplo, Ewan McGregor comeza sendo pouco máis que o arquetipo de adulto con traumas a pasa a ser alguén moito máis complexo que realmente nos permite coñecer como cambiou Danny Torrance. Ademais, o grande acerto de casting que é a debutante Kyliegh Curran engade unha enerxía diferente á película. Un personaxe así podería decantar a balanza cara ao estúpido ou o temerario moi doadamente, pero o que consegue é achegar unha determinación inesperada, xogando así coa idea de querer facer fronte a un enorme perigo de ti a ti.

Doctor Sleep é unha gran prolongación do que vimos n'*O resplandor*, atrevéndose a puntualizar algúns detalles da fita de Kubrick. Precisamente esa herdanza é probablemente a que a limita para acadar cotas máis altas nun cómputo global, pero segue sendo unha proposta en grao sumo estimulante coa que Flanagan se confirma como un dos autores máis interesantes do cinema de terror do noso tempo.